

“A apatía dos colombianos amosa que houbo un problema de comunicación por parte do goberno de Santos”

Description

O referendo cidadán que debía validar os acordos acadados polo goberno colombiano e a guerrilla das FARC, consolidando definitivamente o proceso de paz, fracasou este domingo, ao impoñerse o non por unha marxe moi estreita (50.21% fronte ao 49,78%), uns 53 mil votos. Na consulta só participou o 37,43% da poboación, unha apatía que determinou o triunfo dos contrarios ao acordo. O *non* impúxose nas zonas urbanas (sobre todo Medellín), mentres que as zonas rurais -as que máis sufriron a violencia- optaron claramente polo *si*. Falamos con Roberto Mansilla, analista do IGADI especializado na actualidade de América Latina, sobre as razóns do fracaso do referendo e as súas consecuencias inmediatas, tanto para o proceso de paz coma para o futuro do presidente Juan Manuel Santos.

O referendo cidadán que debía validar os acordos acadados polo goberno colombiano e a guerrilla das FARC, consolidando definitivamente o proceso de paz, fracasou este domingo, ao impoñerse o non por unha marxe moi estreita (50.21% fronte ao 49,78%), uns 53 mil votos. Na consulta só participou o 37,43% da poboación, unha apatía que determinou o triunfo dos contrarios ao acordo. O *non* impúxose nas zonas urbanas (sobre todo Medellín), mentres que as zonas rurais -as que máis sufriron a violencia- optaron claramente polo *si*. Falamos con Roberto Mansilla, analista do IGADI especializado na actualidade de América Latina, sobre as razóns do fracaso do referendo e as súas consecuencias inmediatas, tanto para o proceso de paz coma para o futuro do presidente Juan Manuel Santos.

Como se explica a vitoria do *non*?

No referendo colombiano pasou algo semellante ao que sucedeu no Brexit no Reino Unido, coa vitoria dunha tendencia negativa, que era minoritaria nas enquisas e que contradecía unha expectativa a nivel internacional favorable ao *si*. O problema principal foi a baixa participación: máis do 60% dos colombianos non foron votar. O resultado reforza a derrota política do presidente Juan Manuel Santos, que investiu catro anos de negociación política na Habana, centrando nisto practicamente toda a súa acción de goberno. A apatía dos colombianos amosa que houbo un problema de comunicación por parte do Executivo de Santos. Os simpatizantes do *si* non lograron convencer a sociedade. Posiblemente pensaban que por inercia a forza simbólica do acordo de paz se trasladaría á maioría da poboación. O que fai máis dura a derrota de Santos (e doutros políticos coma o ex presidente Gaviria) é que nunca houbo un plan b que agora permita reconducir os acordos de paz.

O resultado amosa unha fractura na sociedade colombiana?

É interesante este punto: nas rexións do país nas que a violencia foi maior, triunfou o *si* ao proceso de paz, mentres que o *non* se impuxo nas zonas urbanas e en determinadas clases sociais que viron con certo receo o acordo de paz. Estes sectores entenderon que o acordo significaba a impiedade das FARC, o que é cuestionable, e tamén observaron con desconfianza a opción que o acordo abría a que a guerrilla pasase a ter representación política. Pero esta é unha consecuencia inevitable dun acordo de paz.

Que aprendizaxes se poden tirar do sucedido neste referendo?

Pódese concluir que non necesariamente un proceso deste tipo se ten que levar a referendo cando non se ten garantido que se teña un consenso a nivel nacional. Pódese facer a comparación co Brexit; en ambos os dous casos Cameron e Santos apostaron todo o seu capital político nos dous referendos e acabaron perdéndoo. O resultado en Colombia dá a entender que na sociedade colombiana hai certas diferenzas entre as zonas rurais e urbanas e entre unhas e outras clases

sociais. É un asunto que o país debe afrontar.

Que consecuencias inmediatas terá o resultado da consulta?

No proceso de paz haberá unha recondución, a desmobilización e o desarme irán a un ritmo moito máis lento e probablemente buscarase unha maior implicación da comunidade internacional. Na política interna as consecuencias serán maiores, abrindo as opcións de futuras candidaturas presidenciais para os comicios de 2018, con maiores posibilidades para candidatos afíns ao ex presidente Álvaro Uribe, principal gañador desta consulta, por ser quen máis vehementemente estivo en contra do proceso de paz.

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Latinoamérica

ETIQUETAS

Colombia proceso de paz Referendo

IDIOMA

Galego

Date Created

Outubro 2016

Meta Fields

Autoria : 3713

Datapublicacion : 2016-10-03 00:00:00

Antetitulo : Entrevista a Roberto Mansilla Blanco, analista do IGADI. Praza Pública (Galicia)